

## RESOLUCION DA SECRETARIA XERAL SOBRE DELEGACION DE SINATURA DA POTESTADE CERTIFICANTE DA SECRETARIA OU SECRETARIO XERAL NO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA DA USC

Na Resolución do 15 de outubro de 2020, *de delegación de sinatura da potestade de certificación da Secretaría ou Secretario Xeral en determinados órganos e unidades*, no seu apartado primeiro, figura a delegación en favor do Servizo de Xestión Académica.

Tendo en conta que con efectos do 29 de xuño de 2021 a praza de xefe de servizo quedou vacante e que as súas funcións serán asumidas de forma provisoria por D. Francisco Colomer Fariña, vicesecretario xeral da USC mediante Resolución da Xerencia do 30 de xuño de 2021, procede que se dite a presente resolución para que a delegación de sinatura ao xefe do Servizo de Xestión Académica sexa exercida polo vicesecretario xeral en tanto se manteñan estas circunstancias.

Á vista do anterior, esta Secretaría Xeral,

RESOLVE

Primeiro.-

A delegación de sinatura da secretaria xeral no xefe do Servizo de Xestión Académica, aprobada por Resolución do 15 de outubro de 2020, será asumida dende o 1 de xullo de 2021 polo vicesecretario xeral da USC durante o tempo no que se manteña a asunción temporal de funcións e nos termos establecidos na mesma.

Segundo.-

Nas certificacións que se diten en virtude desta resolución farase constar unha referencia tanto á presente resolución, como á resolución de delegación de sinatura da potestade de certificación da Secretaría ou Secretario Xeral en determinados órganos e unidades e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Disposición final.-

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no Taboleiro de anuncios electrónico da USC

A Secretaria Xeral

Dulce García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/07/2021 09:01:29.

**CSV:** 6B72-2DC2-4A3E-BB23